



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA PRESENTA 3 PUBLICACIÓNS SOBRE ITINERARIOS HISTÓRICO-MUSICAIS PARA PROMOCIONAR A CULTURA MUSICAL DAS VILAS GALEGAS**

- **O director xeral de Turismo, Rubén C. Lois, presentou hoxe, acompañado do xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Rodríguez Eguíbar, e do representante da empresa editora Ouvirmos, Xosé Manuel Aldea, unha colección de publicacións sobre itinerarios histórico-musicais. Celanova, Rianxo e Mondoñedo son as vilas obxecto dos primeiros estudos da colección.**

**Santiago, 22 de novembro de 2007.-** O director xeral de Turismo, Rubén C. Lois, e mais o xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Rodríguez Eguíbar, presentaron hoxe en Santiago a colección de publicacións sobre itinerarios histórico-culturais que promove a Consellaría de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Turismo, en colaboración coa editorial Ouvirmos. Esta serie ten por obxectivo achegar os valores patrimoniais vencellados coa historia musical concreta dun lugar.

A colección conta cun total de 14 publicacións das que hoxe en Santiago se presentaron tres: Celanova, Rianxo e Mondoñedo. A historia e a música destas tres vilas son estudadas a fondo neste traballo de investigación que abarcará catro publicacións anuais sobre vilas galegas. Ourense, Vigo, Monforte e Santiago de Compostela serán as vilas obxecto de estudo da seguinte edición.

### **A viaxe sonora polas vilas galegas**

Cada un dos itinerarios contará con 1.500 exemplares. En cada itinerario pretende facerse unha viaxe sonora pola vila, un paseo polos feitos musicais na cidade e unha proposta de itinerario para a descuberta do patrimonio artístico musical. Constitúe, xa que logo, unha “nova porta pola que entrar nos pobos: a visita musical”. Cada ruta etá sializada e comentada con planos e ilustracións. Abrangue un estudo da música da zona concreta e un directorio coas institucións vencelladas e un glosario dos termos musicais mencionados.

As publicacións veñen acompañadas dun CD multimedia coa música que se describe en cada volume.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**